



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Diligencia: Se extiende para hacer constar
que el documento del **MIPEPRI 1/10**
..... se presenta con fecha **19 ENE. 2015**
para su **tramitación**
El funcionario encargado,

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de **25 ENE. 2015**
Certifico:
El Secretario,

REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DA CIDADE VELLA E A PESCADERÍA



ANEXO HABITABILIDADE

XANEIRO 2015



OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.



EMPRESA MUNICIPAL VIVENDA SERVICIOS ACTIVIDADES

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ...26 ENERO 2015...
Certifico:
El Secretario,



EMPRESA MUNICIPAL VIVIENDA, SERVICIOS Y ACTIVIDADES, S.A.

CONCELLO DE A CORUÑA

REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA
INTERIOR DA CIDADE VELLA E PESCADERÍA

ANEXO DE HABITABILIDADE.

XANEIRO 2015

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 26 ENERO 2015.
Certifico:
El Secretario,

EMPRESA MUNICIPAL VIVIENDA, SERVICIOS Y ACTIVIDADES, S.A.

CONCELLO DE A CORUÑA

REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA
INTERIOR DA CIDADE VELLA E PESCADERÍA

ANEXO DE HABITABILIDADE.

XANEIRO 2015

ÍNDICE	PÁX.
1. OBXECTO	1
2. MEMORIA XUSTIFICATIVA	2
3. ÁMBITO DE APLICACIÓN	8
4. LIMAR MÍNIMO DE HABITABILIDADE	9
4.1. CONDICIÓN DE VIVENDA EXTERIOR	9
4.2. ESPAZO EXTERIOR DE CALIDADE	9
4.3. CONDICIÓN DOS PATIOS INTERIORES	9
4.4. ESTÁNDARES MÍNIMOS DE ACCESIBILIDADE DAS EDIFICACIÓNS	9
4.5. CONDICIÓN MÍNIMAS DE HABITABILIDADE DAS VIVENDAS	10
4.6. EXCEPCIONALIDADES	11

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ... 26. ENERO 2015 ...
Certifico:
El Secretario,

1. OBXECTO

O obxecto do presente Anexo de Habitabilidade é establecer, conforme ao indicado no Capítulo VI do Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, o limiar mínimo de habitabilidade (LMH) requirido para que as vivendas e edificios acaden as condicións mínimas de habitabilidade no ámbito da Revisión e Adaptación do Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería na cidade de A Coruña.

As súas determinacións e a conveniencia de variar determinados estándares de habitabilidade establecidas no Decreto 29/2010 de 4 marzo, xustifícanse tanto polas propias características morfolóxicas e tipolóxicas do ámbito, das súas edificacións e vivendas, como pola necesaria salvagarda de determinados valores patrimoniais que, conceptuados como caracteres determinantes, o Plan Especial pretende protexer conforme a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia e á lexislación urbanística.



Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ... 25. ENERO 2015 ...
Certifico:
El Secretario,

2. MEMORIA XUSTIFICATIVA

O ámbito do Plan Especial de protección e reforma interior comprende as tramas urbanas de a Cidade Vella e a Pescadería de A Coruña, conforme á delimitación establecida no seu Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha extensión superficial de 79,85 Ha, excluída a zona portuaria, e que acolle a un total de 1.771 edificacións e 8.774 vivendas.

Parte do ámbito atópase incluído na Declaración do Conxunto Histórico-Artístico de A Coruña, aprobada pola Xunta de Galicia mediante Decreto 29/1984 do 9 de Marzo (DOGA nº 57 de 22 de marzo de 1984), coa delimitación que se detalla no plano adxunto, e polo tanto suxeita ás determinacións da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

A nivel de análise, no ámbito diferéncianse cinco pezas urbanas: a **Cidade Vella** ou **Cidade Alta**, primeira estrutura urbana intramuros que presenta unha morfoloxía urbana de orixe medieval e unha trama compacta e pouco transformada co paso do tempo en canto aos trazados pero si en canto ao grao de compactación; **As Atochas-O Derribo** que presenta unhas características menos homoxéneas que a anterior, amosando unha maior variedade de tecidos urbanos resultante de diferentes procesos históricos e actuacións urbanísticas vinculadas á demolición das murallas da Cidade Vella; **A Pescadería**, que situada no istmo que une o promontorio onde se sitúa a Cidade Vella con terra firme, presenta unha estrutura de arrabalde apoiada sobre dous camiños paralelos, a rúa do Areal, hoxe rúa do Orzán, e a rúa de Abaixo, posteriormente rúa Real, e entre ambas a rúa de San Andrés que divide o ámbito en dous sectores a **Pescadería Norte** e a **Pescadería Sur**; unha porción do **Ensanche** da cidade do século XIX con fronte á rúa Juana de Vega caracterizado polo seu parcelario regular e a morfoloxía de cuarteirón pechado; e, por último, unha serie de **Áreas Urbanas Renovadas** que representan excepcións tipolóxicas inseridas na estrutura das diferentes pezas do Plan Especial como resultado da aplicación de ordenacións unitarias anteriores.

Este despece en ámbitos homoxéneos tamén se traslada ao tamaño e a forma do parcelario, que ten o seu substrato tanto na xénese histórica de formación das distintas pezas urbanas como nas súas relacións coa forma do territorio.

Así, na Cidade Vella o parcelario orixinario é un parcelario miúdo adaptado á topografía que dará lugar a cuarteiróns compactos de pequenas dimensións. Na súa evolución non sofre grandes cambios máis aló dun proceso de colmatación, ocupando parcelas vacantes, canellóns e venelas.

Na Pescadería, a estrutura parcelaria orixinaria aséntase na parte central do istmo, desbordándose posteriormente cara a bahía e o porto, Pescadería Sur, para máis tarde ocupar os terreos onde se localizaban fábricas e almacéns cara ao Orzán, Pescadería Norte. O parcelario formouse historicamente cun tipo de parcela moi estreita, froito dunha ocupación lonxitudinal, xerando diferentes tipos de cuarteiróns segundo as súas dimensións.

Nas Atochas-O Derribo, o parcelario é resultado dun crecemento da Cidade por partes no que se identifica unha estrutura parcelaria de pezas que encaixan (Mercado de San Agustín, Maria Pita, Capitán Troncoso, etc.). Cada unha destas pezas xurde nuns momentos históricos diferentes, fundamentalmente vinculados á demolición das murallas.

Por último, tanto no Ensanche como nas Áreas Urbanas Renovadas, a estrutura catastral corresponde ao tipo de actuación, unhas veces fortemente regulador e outras vinculada a procesos de edificación de novas tipoloxías edificatorias.

En resumo, no ámbito do Plan Especial, a superficie destinada a espazo público ocupa un 45% da superficie e o espazo privado o 55% restante.

En canto á edificación, dos 1.771 edificios existentes no ámbito do Plan Especial o 69% son edificios anteriores a 1960 ou renovados e máis da metade deles conservan alomenos as súas características tipolóxicas básicas. Esta edificación constitúe o conxunto arquitectónico que ten que ser valorado polo Plan Especial cara a conservación do conxunto histórico.

Por zonas a Cidade Vella e Pescadería Sur presenta un maior índice de edificios antigos e renovados (75% e 72%) fronte á Pescadería Norte cun índice do 63%.

O seu estado xeral é bo nun 70%, cunha relativamente alta porcentaxe de edificios en mal estado (12,10%), sendo menor o número de edificios en bo estado na Pescadería Norte e nas Atochas, fronte a un mellor estado na Pescadería Sur.



Nunha análise por elementos estruturais referidos aos edificios anteriores a 1960 e renovados, é dicir, aqueles que representan a base de valoración patrimonial, o 61% dos edificios teñen a estrutura vertical exclusivamente de muro portante, principalmente na Cidade Vella e Pescadería Sur (89,84% e 80,62% respectivamente), e o 39% manteñen a estrutura horizontal exclusivamente en madeira, que combinada con outras solucións acada o 48,7%.

No que se refire ás estruturas de cuberta e escaleiras as de madeira son lixeiramente superiores ás de estrutura de formigón, sendo máis presente en ambos casos no ámbito da Pescadería Sur.



Este aspecto estrutural cobra singular relevancia á hora de tipificar a categoría de catalogación dun edificio. Tipificar un conxunto protexido implica tamén decidir qué invariantes arquitectónicas convén preservar no proceso de vida dos edificios históricos. Qué invariantes cómpre preservar para garantir a súa salvagarda como parte do legado cultural a transmitir.



Así no método de tipificación e adscripción dos edificios a unha das categorías de catalogación devén central o concepto operativo dun carácter determinante do edificio, porque nesta rúbrica do Ficheiro de Catalogación contense a posición do Plan Especial con respecto á cuestión da tipificación edificatoria, como tamén á identificación de cáles son os trazos invariantes a protexer en relación ás actuacións xerais autorizadas no patrimonio arquitectónico.



RÚA DE RIEGO DE AGUA

Os caracteres determinantes do edificio fan referencia a tres aspectos complementarios e concorrentes na súa unidade espacial:

- . O sistema estrutural.
- . A súa organización interior.
- . A súa fachada, cerramento ou envoltente exterior.
- . A cuberta.

Son estes caracteres determinantes, e a súa protección e permanencia, os que poden entrar en contradición cos estándares de habitabilidade definidos no Decreto 29/2010.

O Plan Especial propón un catálogo básico de edificacións e elementos suxeitos á normativa de protección, cos efectos previstos na lexislación urbanística, e en particular na Sección 50 do Capítulo IX do Regulamento de Planeamento en relación co establecido polo art. 46 da Lei 8/1995 do 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia. Este catálogo básico abrangue ao 65% dos edificios, diferenciándose os seguintes niveis de protección:

- A. Edificios monumentais, onde a súa problemática aboca á restauración. 35 edificios.
- B. Edificios de excepcional valor arquitectónico, histórico e cultural, que dende o punto de vista da súa regulación normativa son obxecto, en principio, de protección integral. 108 edificios.
- C. Edificios de características singulares e de elevado valor arquitectónico, dende o punto de vista da súa regulación normativa, preténdese manter neles as súas condicións arquitectónicas cunha protección estrutural. 286 edificios.
- D. Edificios de características tipolóxico-compositivas de especial significación arquitectónica e ambiental, neles, trátase non tanto da súa protección integral, como da súa rehabilitación con respecto ás súas características arquitectónicas por canto constitúen a substancia edificada do conxunto histórico. 533 edificios.
- E. Edificios de interese ambiental no conxunto, que como tales deben ser obxecto de conservación alomenos no que á súa configuración exterior se refire. 92 edificios.

Conforme ao anterior o alcance normativo dos distintos niveis de protección fai mención ao repertorio de actuacións que poden incidir sobre un edificio e ao nivel de esixencia no mantemento dos caracteres determinantes.

Por outra banda, e tal e como xa se ten comentado con anterioridade, o ámbito do Plan Especial acolle a un total de 8.774 vivendas. Atendendo ao tipo de edificios que as acolle, no conxunto do ámbito o 58,49% das vivendas sitúanse en edificacións novas ou renovadas, e do total o 73,31% están ocupadas.

Da análise dos elementos básicos definitorios do estado da vivenda (cociña, baño, pavimentos, humidades) obtense unha lectura dun estado bo xeneralizado, xunto coa presenza de humidais en estado regular ou malo como deficiencia máis estendida, que en calquera caso só afecta ao 24,46% das vivendas en edificacións anteriores a 1960.

Por último, en canto ao grao de accesibilidade, cómpre destacar a existencia de 688 edificios no ámbito con máis de tres plantas sen ascensor. Nunha análise por vivendas, no conxunto do ámbito o 38,37% non teñen ascensor, e non sempre existe oco para a súa instalación (en 318 edificios).

As características do conxunto edificado definidas con anterioridade configuran un patrimonio cultural de excepcional valor sobre o que as determinacións do Plan Especial establecen unha salvagarda integral conforme ao mandato establecido pola Lei do

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 25. ENA 2015
Certifico:
El Secretario,

Patrimonio Cultural de Galicia, a través da tipificación dos niveis de catalogación e a instrumentación das políticas de rehabilitación definidas no seu Programa.

A necesidade de que estas actuacións de rehabilitación non entren en contradición con determinacións establecidas no Decreto 29/2010 é o que determina a necesidade de variar determinados estándares de habitabilidade en función do nivel de protección do edificio e do grao de intervención autorizado, e todo isto conforme ao establecido no artigo 9.2. do Decreto 29/2010 e garantindo un Limiar Mínimo de Habitabilidade.

Neste sentido **o ámbito de aplicación do presente Anexo é o das vivendas situadas en edificios catalogados**, que tal e como se indicou con anterioridade abrangue ao 65% dos edificios existentes, e está referido exclusivamente ás obras de rehabilitación, excluídas, polo tanto, as de remodelación de edificación definidas conforme á tipificación establecida no artigo 8 do Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de Vivendas de Galicia.

Polo tanto as variacións que se propoñen están vinculadas a actuacións de conservación, adecuación ou mantemento do existente.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de
Certifico:
El Secretario,



3. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O ámbito de aplicación do presente Anexo é o correspondente ás obras de rehabilitación, excluídas as de remodelación de edificio, conforme á tipificación establecida no artigo 8 do Decreto 29/2010 nos **edificios de vivendas catalogados** polo presente Plan Especial. No resto dos casos estarase integramente ao disposto no Decreto 29/2010, ou aquel que o substitúa, e aos requisitos básicos do vixente Código Técnico de Edificación.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de ... 25. ENERO 2015 ...
Certifico:
El Secretario,

4. LIMIAR MÍNIMO DE HABITABILIDADE.

4.1. CONDICIÓNS DE VIVENDA EXTERIOR.

Toda vivenda deberá cumprir as condicións de vivenda exterior, entendendo por tal aquela que teña alomenos a estancia maior en tódolos casos, e como mínimo outra estancia cando a vivenda conte con máis dunha, con ocos aptos para a ventilación e iluminación a un espazo exterior de calidade.

Naqueles casos onde se xustifique debidamente a súa imposibilidade dadas as dimensións ou xeometría da parcela, considerárase suficiente a iluminación e ventilación da segunda estancia a través dos patios interiores mínimos establecidos no apartado 4.3. do presente Anexo.

4.2. ESPAZO EXTERIOR DE CALIDADE

É o constituído polas rúas, prazas ou espazos libres públicos aos que dea fronte a parcela edificable. Igualmente considérase espazo exterior privado de calidade aos patios de cuarteirón accesibles por motivos de seguridade dende os espazos comúns da edificación, ou ben abertos a outros espazos públicos. O espazo exterior de calidade é o indicado no plano que acompaña ao presente Anexo.

4.3. CONDICIÓNS DOS PATIOS INTERIORES

Os patios interiores, sexan abertos ou pechados, dimensionaranse en función do uso das pezas que ventilen e iluminen a través deles. Estas dimensións serán as establecidas no Decreto 29/2010 de Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia. Para os efectos do presente Anexo, e no seu ámbito de aplicación, poderán manterse as características e dimensións dos patios interiores existentes.

Para os efectos do presente anexo, e no seu ámbito de aplicación, poderán manterse as características e dimensións dos patios existentes sempre que non se incremente o número de estancias vivideiras do edificio que en cada planta do mesmo os utilizan como fontes de iluminación e ventilación.

4.4. ESTÁNDARES MÍNIMOS DE ACCESIBILIDADE DAS EDIFICACIÓNS

No ámbito de aplicación do presente Anexo deberán xustificarse debidamente a imposibilidade de cumprimento dos estándares mínimos de accesibilidade das edificacións establecidos nas seguintes determinacións:

Acceso.

- O edificio deberá ter acceso directo desde o espazo exterior público ou a través dunha parcela da súa propiedade.
- A porta de acceso ao edificio terá unha anchura libre mínima de 0,90 m e non invadirá en ningún caso o espazo público.

Ámbito interior.

- É obrigatorio que exista un percorrido practicable para persoas con mobilidade reducida.
- O portal deberá ter unha altura libre mínima de 2,40 m e permitirá a inscrición en planta dun círculo de 1,20 m de diámetro libre de obstáculos.

Áreas de acceso a ascensores e escaleiras.

- As áreas de acceso a escaleiras e ascensores deberá admitir a inscrición en planta dun círculo de 1,20 m de diámetro libre de obstáculos e ter unha altura mínima de 2,40 m.
- Cando o edificio careza de ascensor, será preciso instalar un que dea acceso ás plantas situadas por encima da terceira planta desde o nivel de acceso ao edificio sempre que se incremente o número de vivendas existentes con acceso en ditas plantas.

Escaleiras.

- O ancho mínimo entre paramentos para unha escaleira dun tramo será de 1,10 e, se é de dous tramos será de 2,20 , e a altura mínima será de 2,20.

Espazos de comunicación.

- O acceso ás vivendas haberá de efectuarse a través dun espazo público ou de uso común cunha altura libre mínima de 2,40 m, e deberá permitir a inscrición en planta dun círculo de 1,20 m de diámetro.

O resto de determinacións serán de obrigado cumprimento.

4.5. CONDICIÓN S MÍNIMAS DE HABITABILIDADE DAS VIVENDAS

No ámbito de aplicación do presente Anexo, ás obras de remodelación de vivendas nas súas diferentes categorías non lles será esixible o cumprimento das normas de habitabilidade sempre e cando se cumpra que:

- A vivenda conte cun espazo reservado para cociñar no que exista a posibilidade de instalar unha cociña, frigorífico, mesado de 1,20 m x 0,60 m, e conte coa instalación


dun vertedoiro e preinstalación precisa para conectar directamente un aparello para lavar roupa.

- A vivenda conte cunha cámara sanitaria pechada e independente do resto das dependencias da vivenda na que exista, polo menos un lavabo, un inodoro e unha ducha ou bañeira.
- A vivenda cumpra cos seguintes puntos:
 - . I.A.1.1. Condicións de vivenda exterior conforme ao establecido no presente Anexo.
 - . I.A.2.1. Condicións de acceso e indivisibilidade das vivendas.
 - . I.A.2.4.1. Alturas libres mínimas compatibles coas normas de protección do Plan Especial.
 - . I.A.4. Dotación mínima de instalación da vivenda.

4.6. EXCEPCIONALIDADES

Nos casos nos que se xustifique a imposibilidade do cumprimento das determinacións do presente Anexo de habitabilidade do Plan Especial, ou das normas de habitabilidade vixentes, poderá solicitarse a non aplicación dalgunhas das determinacións antes indicadas seguindo o procedemento de excepcionalidade establecido no capítulo V das NHV-2010.

A Coruña, xaneiro 2015



- ÁMBITO PLAN ESPECIAL
- DESLINDE MARÍTIMO-TERRESTRE
- ÁMBITO PORTUARIO (API P22)

Diligencia: Se extiende para hacer constar
que el documento del **API P22**
se presenta con fecha **2.1. ENE. 2015**
para su **REVISIÓN**
El funcionario encargado,

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de **2.5. ENE. 2015**
Certifico:
El Secretario,



XANEIRO 2015

ESCALA 1/5000




REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL
DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR
DA CIDADE VELLA E A PESCADERÍA

ANEXO HABITABILIDADE

ÁMBITO ORDENADO

PLANO Nº

1



--- ÁMBITO PLAN ESPECIAL
 --- DESLINDE MARÍTIMO-TERRESTRE

- ZONA 1. CIDADE VELLA
- ZONA 2. ATOCHAS-O DERRIBO
- ZONA 3. PESCADERÍA NORTE
- ZONA 4. PESCADERÍA SUR
- ZONA 5. ENSANCHE
- ZONA 6. A.U.R.

Diligencia: Se extiende para hacer constar
 que el documento del **11 PERI 1/10**
 se presenta con fecha **2.1. ENE. 2015**
 para su
 El funcionario encargado.

Aprobado definitivamente
 por el Pleno Municipal, en
 sesión de **2.5. ENE. 2015**
 Certifico:
 El Secretario,

OFICINA DE
 PLANIFICACIÓN
 XANEIRO 2015
 ESCALA 1/5000


emvsa
 REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL
 DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR
 DA CIDADE VELLA E A PESCADERÍA

ANEXO HABITABILIDADE

ÁMBITOS E ZONAS DE ANÁLISE

PLANO Nº

2



--- ÁMBITO PLAN ESPECIAL
--- DESLINDE MARÍTIMO-TERRESTRE
--- ÁMBITO PORTUARIO (API P22)

--- ÁMBITOS EXISTENTES
--- DECLARACIÓN BIC CONXUNTO HISTÓRICO (DECRETO 29/1984)
--- ÁMBITO DE RESPETO BIC
--- DECLARACIÓN BICs INDIVIDUALIZADOS
--- DELIMITACIÓN DECLARACIÓN CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DECRETO 555/71

Diligencia: Se extiende para hacer constar que el documento del **API P22** 1/10 se presenta con fecha **2.1. ENE. 2015** para su **REVISIÓN**.
El funcionario encargado,

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal, en sesión de **2.6. ENERO 2015**.
Certifico:
El Secretario,



XANEIRO 2015

ESCALA 1/5000

emvsa


REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DA CIDADE VELLA E A PESCADERÍA

ANEXO HABITABILIDADE

ÁMBITO BIC

PLANO Nº

3



--- ÁMBITO PEPRI
--- DESLINDE MARÍTIMO-TERRESTRE

EDIFICIOS ANTERIORES A 1960, INCLUIDOS EDIFICIOS RENOVADOS
EDIFICIOS NOVOS
EDIFICIOS EN CONSTRUCCIÓN

Diligencia: Se extiende para hacer constar
que el documento del PEPRI 1/10
se presenta con fecha 2.1. ENE. 2015
para su REVISIÓN
El funcionario encargado,

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 2.5. ENE. 2015
Certifico:
El Secretario,



XANEIRO 2015

ESCALA 1/5000

emvsa


REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL
DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR
DA CIDADE VELLA E A PESCADERÍA

ANEXO HABITABILIDADE

IDADE DA EDIFICACIÓN

PLANO Nº

4



--- ÁMBITO PEPRI
--- DESLINDE MARÍTIMO-TERRESTRE

■ EDIFICIO SEN ASCENSOR
■ EDIFICIO CON POSIBILIDADE DE ASCENSOR
■ EDIFICIO EN CONSTRUCCIÓN

Diligencia: Se extiende para hacer constar
que el documento del PEPRI 1/10
..... se presenta con fecha 2.1. ENE. 2015
para su tramitación
El funcionario encargado.

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de 2.5. ENE. 2015.
Certifico:
El Secretario,



XANEIRO 2015

ESCALA 1/5000

emvsa

REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL
DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR
DA CIDADE VELLA E A PESCADERÍA


ANEXO HABITABILIDADE

ACCESIBILIDADE

PLANO Nº

5

Diligencia: Se extiende para hacer constar que el documento del MPEPR 1/10 se presenta con fecha 2.1.ENE.2015 para su tramitación.
El funcionario encargado.



--- ÁMBITO PLAN ESPECIAL
--- DESLINDE MARÍTIMO-TERRESTRE
--- LÍMITE DO CUARTEIRÓN
--- LÍMITE DA UNIDADE PARCELARIA
85222 CÓDIGO DO CUARTEIRÓN
02 CÓDIGO DA UNIDADE PARCELARIA

EDIFICIOS MONUMENTAIS
EDIFICIOS DE EXCEPCIONAL VALOR ARQUITECTÓNICO INTEGRAL
EDIFICIOS DE CARACTERÍSTICAS SINGULARES ESTRUCTURAL
EDIFICIOS DE ESPECIAL SIGNIFICACIÓN ARQUITECTÓNICA AMBIENTAL
EDIFICIOS DE INTERESE AMBIENTAL NO CONXUNTO

DECLARACIÓN BIC CONXUNTO HISTÓRICO
ÁMBITO DE RESPETO BIC

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal en
sesión de 2.5.ENE.2015
Certifico:
El Secretario.

OFICINA DE
PLANIFICACIÓN
URBANA
XANEIRO 2015
ESCALA 1/5000


emvsa
REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL
DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR
DA CIDADE VELLA E A PESCADERÍA

ANEXO HABITABILIDADE

CATALOGACIÓN

PLANO Nº

6



- ÁMBITO PEPRI
- EDIFICACIÓN
- ESPACIO EXTERIOR DE CALIDADE

Diligencia: Se extiende para hacer constar
que el documento del **PEPRI 1/10**
se presenta con fecha **2.1.ENE.2015**
para su **REVISIÓN**
El funcionario encargado,

Aprobado definitivamente
por el Pleno Municipal, en
sesión de **2.6.ENE.2015**
Certifico:
El Secretario,



emvsa
REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL
DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR
DA CIDADE VELLA E A PESCADERÍA

ANEXO HABITABILIDADE

ESPACIO EXTERIOR DE CALIDADE

PLANO Nº

7